

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DA GUARDA PARA O PROXECTO DE REFORMA E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA GUARDA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello da Guarda o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello da Guarda para o proxecto de reforma e rehabilitación enerxética da piscina municipal da Guarda.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello da Guarda resultou beneficiario dunha subvención ao abeiro da *Orden TMA/178/2022, de 28 de febreiro, por el que se aprueban las bases reguladoras de la*



*concesión de ayudas para la rehabilitación de edificios de titularidad pública y la convocatoria para la presentación de solicitudes por el procedimiento de concurrencia competitiva en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (Línea 2) (BOE núm. 60, de 11 de marzo de 2022), por un importe de 1.573.655,65 €. Asemade, o 25 de abril de 2025 o Concello da Guarda asinou coa Deputación Provincial de Pontevedra o **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA GUARDA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA "REFORMA E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA PISCINA MUNICIPAL CONCELLO DE A GUARDA", NO MARCO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA - PLAN EXTRA**, polo que a Deputación Provincial de Pontevedra financiará a dita actuación cunha achega de 700.000,00 €.*

O concello pretende levar a cabo as obras necesarias para realizar a reforma e rehabilitación enerxética da piscina municipal do Concello da Guarda. O edificio atópase ás aforas da vila da Guarda, nunha estrada rural, no Paseo de Portugal, s/n, nunha parcela con referencia catastral 36023A026090060000UI.

A edificación existente é unha das instalacións municipais con maior uso e desenvólvese en dúas plantas e un soto organizadas nun esquema de tres zonas ben diferenciadas, conectadas polos espazos de circulación. Na planta baixa sitúanse todas as estancias de uso deportivo e servizos tales como vestíbulo, vestiarios, zona de Spa, zona de piscina etc., na planta primeira sitúanse as estancias de uso recreativo, tales como cafetería, xardinería, sala de usos múltiples, bancada, etc.

Ao edificio accédese por un camiño privado, situado ao carón do paseo de Portugal, que circunvala toda a edificación. A entrada principal do edificio atópase no lateral oeste do edificio. Na parte posterior en atopan uns accesos para instalacións a través de devandito camiño.

O edificio divídese en tres volumes de forma rectangular, os que se atopan nos extremos teñen menor altura. No primeiro volume situado na á oeste da parcela atópase o espazo de entrada, vestíbulo e administración. Unha vez pasado o dito volume entramos no segundo, onde se organizan todas as dependencias de uso deportivo tanto en planta baixa como en planta primeira. Por último, no terceiro volume albérganse os espazos reservados para as instalacións e o Spa.



Terceiro.- As obras que se pretenden acometer responden a un enfoque integral que combina a adaptación funcional, estética, económica e social do edificio existente, dotando ao edificio dunha imaxe exterior máis limpa, moderna e adecuada á súa contorna, respectando os volumes existentes. Unha imaxe máis atractiva que irá acompañada dunha importante renovación interior, tanto en instalacións como en espazos e usos, orixinando un ambicioso proxecto integral que renovará totalmente o edificio técnica e conceptualmente.

Os principios que rexerán o proxecto serán os de innovación, accesibilidade e sustentabilidade:

- Innovación

Os espazos adáptanse para dar resposta ás necesidades expresadas polos usuarios.

En planta baixa, redúcese o espazo de recepción para dar cabida a unha nova sala de actividades múltiples, que ampliará a oferta de servizos aos usuarios. Os vestiarios reordénanse para crear espazos máis funcionais e redúcese para dar cabida a un novo vaso de piscina para ensino de 1.10m de profundidade, posibilitando o seu uso a novos rangos de idade.

En planta alta reorganízanse as comunicacións, elimínanse as xardineiras para ampliar a zona de ximnasio e péchase a zona de bancadas para nivelalas e posibilitar o seu uso como zona de adestramento cardiovascular, reducindo ademais o volume a climatizar da piscina. No volume traseiro realízase unha pequena ampliación para crear unha sauna, un baño de vapor e catro duchas que complementen o Spa existente.

A reorganización interior vai acompañada dunha reforma das instalacións eléctricas e de AQS, para adaptalas aos novos espazos creados e ás normativas técnicas, de eficiencia enerxética e de seguridade vixentes.

- Accesibilidade

No deseño dos espazos tivéronse en conta as necesidades de PMR á hora de dimensionalos. As comunicacións verticais refórmanse para dar cabida a un ascensor que permita o acceso á planta superior a todos os usuarios.



O Spa realízase na zona onde non hai planta soto para poder colocalo ao mesmo nivel de chan e que non existan as escaleiras actuais.

Para solucionar a accesibilidade dentro das piscinas, colócase unha cadeira móbil portátil para que a persoa con mobilidade reducida poida situarse no lugar da piscina que desexe.

- Sustentabilidade

O proxecto busca cumprir cos novos estándares de sustentabilidade. Así, refórmanse as instalacións do complexo usando equipos de elevada eficiencia (deshumectadora, climatizadoras, renovación de aire con recuperador de calor), iluminación LED con sistemas de control e enerxías renovables (instalación de aerotermia e fotovoltaica autoconsumo) para cubrir a demanda enerxética do edificio.

Habílitase aparcamentos para bicicletas ou patinetes eléctricos e dous puntos de recarga para vehículos eléctricos.

A envolvente tamén se renova por completo cun dobre fin, por unha banda, estético, adaptando a imaxe do edificio aos novos tempos, e doutra banda o de mellorar o comportamento térmico do edificio.

Neste sentido engádese illamento sostible en todo o conxunto, renovando a cuberta e utilizando o sistema SATE en fachadas, amplíanse os ocos para aumentar a iluminación natural, e instálanse carpinterías con RPT e cristais baixo emisivos, para asegurarnos que estas colaboran no bo funcionamento da envolvente.

A cuberta realízase axardinada extensiva.

Espéranse alcanzar aforros enerxéticos próximos ao 80%, diminuindo os requirimentos de mantemento actuais á metade, grazas ás melloras construtivas e en instalacións. Desenvolverase da seguinte maneira:

Planta soto

Situaranse as instalacións dedicadas ao uso e mantemento das piscinas, ademais da deshumectadora.



Planta baixa

Mantéñense algúns usos e reorganízanse outros cunha nova distribución en planta. Un cambio importante é a nova localización das escaleiras e ascensores do núcleo de comunicacións, ademais de actuar nas zonas auxiliares que se verán afectadas pola nova localización do núcleo de comunicacións. A renovación das escaleiras de evacuación, situada no exterior norte do edificio.

Planta primeira

Modificación en planta da zona de cafetería, xardinería e bancada da piscina, dando paso a unha gran zona de ximnasio, ademais da envolvente de fachada correspondente. Debido á nova localización do núcleo de comunicación, xeráronse novos espazos que se destinan ás instalacións e zonas comúns.

Planta cuberta

Renovarase a envolvente de cuberta e implementaranse instalacións como as placas fotovoltaicas.

Cuarto.- A parcela na que se sitúa a piscina municipal está a carón do trazado do Camiño Portugués da Costa, identificado e grafado nos documentos do Plan básico autonómico de Galicia.

O culto xacobeo tivo no Camiño Portugués un territorio fundamental para entender a verdadeira dimensión internacional do fenómeno das peregrinacións. Esta ruta adquiriu relevancia, sobre todo, a partir do século XII —tras a independencia de Portugal, a mediados da centuria—. O seu trazado herda vías e camiños antigos, como a Vía XIX, construída no século I d. C., que unía Braga con Astorga a través de Ponte de Lima, Tui, Pontevedra, Santiago e Lugo, e que foi unha das calzadas romanas máis importantes, pois vertebrou a Gallaecia.

Desde o século XII, o fluír dos peregrinos cara ao norte da Península foi establecendo conexións non só espirituais senón tamén culturais e económicas, lazos humanos que as fronteiras políticas nunca foron quen de crebar.



Foi tal a pegada en terras lusas do fenómeno xacobeo que a propia rede viaria de Portugal se configuraría así, de sur a norte, pasando polos lugares que o Camiño Portugués ía fixando cara a Galicia: Lisboa, Santarém, Coímbra, Porto, Barcelos, Ponte de Lima e Valença do Minho, onde o itinerario cruza o río Miño e entra en Galicia. Porén, o Camiño Portugués pola Costa bifúrcase en Porto, pasando por Vila do Conde, Viana do Castelo e Caminha, entrando en Galicia pola vila mariñeira da Guarda Tras cruzar o río Miño na súa desembocadura, chega ata Baiona, pasa por Vigo, e en Redondela conflúe co resto da ruta. Esta ruta costeira discorre, en primeiro lugar, en dirección oeste e camiña en paralelo ao río Miño, ata chegar ao seu amplo esteiro. Dominando a paisaxe atópase o monte de Santa Trega, gran miradoiro cara ao Atlántico e Portugal, célebre polo seu increíble castro, parcialmente escavado, un gran poboado que chegou ao seu punto culminante durante a romanización.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello da Guarda unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

